

SUMARIO

	Páxinas
ENSAIOS	
"Os Eoas" à luz de "Os Lusíadas", por XOAN C. VERDINI DEUS	1
<i>Cara unha caracterización da diglósia galega: Historia e presente dunha dominación lingüística</i> , por CELSO A. CAC-CAMO	23
<i>Olaf Haraldson em Portucale: Notas a dois artigos sobre as sagas nórdicas e a Hispania</i> , por A. LÚCIO VIDAL	43
<i>Xogando coa morte: Unha ollada antropolóxica aos xogos e falcatuadas de velatorio na Galicia tradicional</i> , por MARCIAL GONDAR PORTASANY	53
"Catecismo do Labrego": <i>Intertextualidade e parodia</i> , por XOSÉ LUIS AXEITOS	65
ESCOLMA	
<i>Contos e historias</i> , por HANS CHRISTIAN ANDERSEN. Trad. ALBERTO FERREIRA	73
<i>Preludio ou agoiro pra unha memoria íntima de Compostela</i> , por MANUEL VIDAL VILLAVERTDE	80
<i>Os fíos do recordo</i> , por JUAN PÉREZ CREUS	81
<i>Cantiga alba a Alvaro Cunqueiro</i> , por R. TABOADA MONTOTO	83
<i>6 Poemas 6</i> , por XESÚS LÓPEZ TÉMEZ	85
PENEIRA DOS DÍAS	
<i>O caso Wagner: Os cen anos do seu pasamento</i> , por JORDI MOTA	89
<i>Xián e Xiá: Notas histórico-etimolóxicas</i> , por NICANDRO ARES	97
<i>A receptividade do proceso estatutario galego nas institucións sociais</i> , por LUIS MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA	103
<i>Onomástica galega: Topónimo e apel. "Quiroga"</i> , por FROILÁN LÓPEZ	107
<i>Un médico poeta do norte lugués</i> , por S. L.	109
<i>"L'empire eclate"</i> , de Hélene Carrere d'Encausse, por XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ	111
LIBROS , por R. C. C., Juan V. Sepúlveda Gradín e C. B. ...	116
O REGO DA CULTURA	122

Alvarez Cáccamo, Celso. 1983. Cara unha caracterización da diglósia galega: historia e presente dunha dominación lingüística. *Grial* 79, 23-42.

CARA UNHA CARACTERIZACIÓN DA DIGLÓSIA GALEGA: HISTÓRIA E PRESENTE DUNHA DOMINACIÓN LINGÜÍSTICA *

0. ALGUNHAS PRECISIÓNS TERMINOLÓXICAS¹

Para os propósitos deste traballo, fan-se necesarias as seguintes precisións terminolóxicas:

Bilingüismo. É un concepto psicolingüístico e centrado no individual. Entende-se por *bilingüismo* a competencia codificadora e descodificadora de mensaxes en polo menos dúas variedades de dúas linguas diferentes. O grao de *bilingüismo* varia desde a mera comprensión da segunda lingua ou L₂ (*bilingüismo* "pasivo") até o dominio oral e escrito de ambas. Teoricamente postula-se a existencia dun '*bilingüismo* equilibrado', sen dominancia de ningunha das dúas linguas.

O termo '*bilingüismo* social' non é operativo mais que para se referir a situacións de *bilingüismo individual xeneralizado*. Convencional pero inaxeitadamente acostuma-se a chamar '*comunidade bilingüe*' a aquela na que existe un fenómeno amplamente espallado de utilización individual de dúas linguas diferentes. Unha situación de total igualdade e equilibrio de dúas ou máis linguas nunha comunidade é un caso posíbel, mais polo de agora sómente teórico. Ademais, os termos '*bilingüe*' e '*multilingüe*', aplicados a unha comunidade, non aportan datos sociolingüísticos fundamentais, como: prestixio das diferentes linguas no tecido social, grao de *normalización* social e, polo tanto, presenza nos aparatos do Estado, utilización como vehículos de transmisión de ideoloxías, usos sociais aos que están destinadas, etc. —en definitiva, a *función* social das linguas en conflito.

Diglósia. É un concepto sociolingüístico —que remite, claro está, ás actitudes e usos lingüísticos individuais—, e relativamente autónomo do concepto *bilingüismo*. A diglósia é a coexistencia conflictiva, nunha comunidade, de dúas linguas (*diasistemas*) que se definen como lingua dominante A, e dominada B, en función dos seus respectivos usos sociais, graos de oficialización e normalización, difusión cuantitativa e distribución ao longo dos diferentes grupos sociais, e outros factores como: autoconciencia lingüística dos falantes, actitude ante a lingua, etc. En termos cuantitativos, consideraremos que é definíbel como *diglósica* aquela comunidade onde como mínimo 2 linguas son faladas como mínimo polo 25 % da po-

* Unha primeira versión deste estudo foi presentada como traballo de curso na State University of New York at Buffalo, U.S.A., no outono de 1982.

boación cada unha, esto é, aquela comunidade onde coexisten dúas *linguas principais*, ou 'major languages' (Uribe 1968).

Diléxia. Por *diléxia* entendo coexistencia, conflictiva ou non, de dúas *variedades* —ou 'dia-lectos', nun sentido xeral— *altamente diferenciadas dunha mesma lingua*. A miña interpretación non coincide nen coa 'diglósia' de Ferguson (1959), para quen a presenza do rasgo + *uso condicionado* das variedades lingüísticas é determinante; nen coa ampla concepción de Fishman (1967: 30), quen define como 'diglósica' calquera situación de diferenciación funcional entre variedades de calquera tipo. Posto que todas as linguas normalizadas amosan tal diversidade estrutural de variedades diafásicas, diatráticas e diatópicas, catro serían as variábeis a considerar para delimitar as fronteiras entre *diléxia* e simple coexistencia de variedades nunha mesma lingua: 1) as diverxencias estruturais entre variedades dan-se en *todos* os planos: léxico, fonolóxico e fonético, morfolóxico, sintáctico e semántico; 2) todos os individuos da comunidade son *bilectais*, é dicir, competentes en ambas variedades, *a* e *b* **; 3) a comunidade falante ten conciencia de que *a* e *b* son sistemas diferentes, *pero que pertencen ao mesmo diasistema X*; 4) como na diglósia, para a definición da *diléxia non é pertinente o rasgo + uso condicionado* —é dicir, a clara correlación entre *determinado contexto comunicativo* e o emprego de *determinada variedade* a ou b—: a *diléxia* fica teoricamente definida como $\pm$ *uso condicionado*.

Diglósia diléxia. Na diglósia diléxia, a variedade Aa imponse como vehículo de comunicación formal, e Bb serve como vehículo de comunicación informal e/ou coloquial. Cada variedade ten definidas funcións (+ *uso condicionado*), e non se dá o uso xeral das variedades *Ab e *Ba.

O seguinte cadro resume os casos posibles de situacións sociolingüísticas con presenza de 1 ou 2 linguas na mesma comunidade:

	Factor Diglósia	Factor Diléxia	Varie- dades ***	Exemplo
MONOGLÓSIA ...	—	—	X	Castelán (Castela)
DIGLÓSIA	+	—	A B	Castelán (Galicia) Galego
DILÉXIA	—	+	Ya Yb	Árabe clásico (Exipto) Árabe moderno

** Empregarei minúsculas para me referir ás variedades dunha lingua, e maiúsculas para as linguas. Así, Aa lera-se 'a variedade a da lingua A', Bb será 'a variedade b da lingua B', etc.

*** Indicarón-se só os sistemas e diasistemas pertinentes á situación sociolingüística. Así, na monoglósia considera-se a lingua no seu conxunto (X), e non se indican, por irrelevantes, as posibles variedades Xn, Xo, Xp... Do mesmo xeito, o conflito diglósico establece-se entre os diasistemas A (An + Ao + Ap + ...) e B (Bn + Bo + Bp + ...).

	Factor Diglósia	Factor Diléxia	Varie- dades ***	Exemplo
DIGLÓSIA	+	+	Aa	Latín formal (Galicia, s. VIII-XI)
DILÉXICA			Bb	Galego-portugués informal

Variedade. Estándar. Dialecto. Sen entrar no problema da definición de *variedade lingüística* fronte a *lingua* —que se saíra dos límites deste traballo—, sómente paso a diferenciar os tipos de variedades ou 'sistemas lingüísticos relativamente estábeis que, pertencendo a un mesmo diasistema ou lingua, *non* comparten entre eles ou con algún outro sistema polo menos un rasgo estrutural a calquera nivel'.

Así pois, distinguiremos: a) *variedades diacrónicas*: o castelán do século XIX, o galego-portugués do século XIII, etc.; b) *variedades diatópicas*: 'dialectos xeográficos', 'falas locais': o galego oriental, o portugués de Coimbra...; c) *variedades diafásicas*: 'registros, niveis': o inglés formal, o galego coloquial, etc.; d) *variedades diatráticas*: 'argots, falas profesionais, linguaxes técnicas': a linguaxe dos médicos, dos abogados...; a linguaxe dos mozos, das mulleres...

Duas son as posibles interpretacións do termo *dialecto*: como 'dialecto xeográfico' é sinónimo de variedade diatópica; como 'dialecto histórico', segundo a interpretación xenético-diacrónica tradicional —e sempre en relación ao concepto 'lingua nai'—, é unha 'variedade que evoluciona nun proceso de diverxencia do diasistema até constituir un sistema lingüístico autónomo'.

Finalmente, o *estándar* ou a *variedade estándar* dunha lingua é un sistema lingüístico que se converteu en vehículo de comunicación xeral e común a todos os falantes da mesma lingua. No proceso de normalización dunha lingua, a variedade estándar estrutura-se sinteticamente en base a rasgos das diferentes variedades, e constitúese no que poderíamos chamar (establecendo un paralelismo co par de conceptos *lingua / lingua franca*) como a *variedade franca* dunha lingua.

1. REVISIÓN HISTÓRICA DO PROCESO DIGLÓSICO DE GALIZA

1.1. A formación do galego²

O galego é unha variedade romance do latín rústico e decadente, traído ao Noroeste peninsular polo estamento militar e o funcionariado romanos, e, polo tanto, diverxente xa nas súas orixes da variedade formal da metrópole. A colonización, rematada no 19 a. de C., e exercida desde a Bética Hispanica —onde se falaba unha variedade máis culta ca na Tarraconense— explicará para Carballo (1976: 53) os rasgos máis conservadores do galego-portugués en re-

lación ao castelán. O substrato celta e mesmo precelta haberá de explicar tamén algúns rasgos estruturais do galego fronte ás outras variedades peninsulares (Baldinger 1972: 178 e 178n), e colaborará ao afastamento do galego do tronco galego-portugués (Carballo 1979: 141).

A Gallaecia constituiu-se como província romana no 216 d. C. Os seus limites abranguiam daquela as actuais catro províncias galegas, máis Portugal até o río Douro, o norde até a Cordilleira Ibérica, e parte do que hoxe é a província de Zamora.

Até o s. VIII, aproximadamente, desenvolvem-se as variedades *galecas* do latín: a oriental, que ia dar lugar ao leonés; e a occidental, que pasaria a constituir o galego e, posteriormente, o galego-portugués (Carballo 1979: 141). Na variedade galeca occidental do s. VIII atopan-se xa tres rasgos fonéticos característicos do galego e diverxentes do leonés —e do que posteriormente será o castelán—: 1) a caída de /-l-/ e /-n-/ intervocálicos: LUNA > lua, CAELU > ceo; 2) a diptongación AU > ou: TAURU > touro; 3) a vocalización do implorivo /k/ no grupo -CT- > -it-: PECTU > peito. De feito, no momento en que podemos falar dunha *língua* galega fronte á variedade diatópica denominada 'galeco occidental', estamos ante o primeiro estadio do *continuo proceso diglótico galego*: a coexistencia de galego (Bb) para usos coloquiais, e latín formal (Aa) para usos administrativos, literarios, etc.

Desde un punto de vista diacrónico, poderíamos seguir a considerar o galego como variedade —altamente diferenciada— do diastema latino, polo que deberíamos definir a situación como diléxica e non diglósica. En realidade, neste caso o uso dos termos 'diglósia' e 'diléxia' vencella-se á resposta que deamos á pregunta cando deixou o latín galego de ser latín e pasou a ser galego? De todos xeitos, a relación entre as respectivas variedades alta e baixa sería semellante.

Desde outra perspectiva, se consideramos o latín como língua A e o galego como língua B, as variedades empregadas na Galiza daquel tempo serían Aa (latín formal) e Bb (galego coloquial). As variedades *Ab e *Ba corresponderían, respectivamente, ao extinguido ou evolucionado galego occidental, e a unha variedade formal do galego, aínda inexistente e por desenvolver-se. Así pois:

Aa: latín formal *Ba: galego formal (por desenvolver-se)
*Ab: latín galeco Bb: galego coloquial
 (extinguído)

*Ab e Bb son variedades consecutivas; ou, expresado doutro xeito, *Ab $\longrightarrow$ Bb.

Nun primeiro momento, xa que logo, a oposición entre as dúas únicas variedades Aa e Bb caracteriza á situación galega daquel tempo como de *diglosia diléxica*.

1.2. O galego-portugués como língua de prestígio

A variedade noroccidental do galego espalla-se cara o sul segundo avanta a Reconquista e gañando-lle territorio ao mozárabe, igual que as variedades castelá, leonesa, navarro-aragonesa e catalá. Xeneticamente, hai quen afirma que o portugués e, xa que logo, 'dialecto' do galego. O importante é que nesa variedade galego-portuguesa desenvolve-se un valioso corpo de poesía lírica, en forma escrita do século XIII ao XIV mais compre supoñer que en forma oral desde antes. Nesta lingua expresan-se troveiros naturais de Galiza e Portugal (constituída en reino independente en 1139), pero, ademais, de Castela, como o propio rei Afonso X o Sábio.

Linguisticamente, o relevante é que: a) o galego-portugués é unha lingua de prestixio no ámbito peninsular; b) aínda que se supoñen, no diasistema galego-portugués, variedades diatópicas diferenciadas que van ser o xerme das posteriores linguas galego e portugués, a lingua do cancionero medieval amosa unha unidade estrutural que permite calificarla como *variedade estándar* do momento (Carballo 1979), funcionalmente útil para a expresión poética. O latín segue a ser a lingua da relixión e da prosa xurídica e administrativa, mais nesta última producen-se xa as primeiras manifestacións en galego. Na situación diglósica entra agora en xogo a variedade Ba do galego-portugués:

<i>Usos</i>	<i>Variedades</i>
Relixión	Aa
Prosa xurídica	Aa, Ba
Poesía	Ba
Usos coloquiais	Bb

1.3. *Penetración castelá e 'dialectalización' do galego*

Xa no s. XIV certos conflitos entre irmáns pola sucesión do reino de Castela ian determinar a penetración en Galiza dos primeiros continxentes de nobreza castelá, e, con eles, do idioma (Carballo 1979: 143). A nobreza galega, aliñada coa facción perdedora de don Pedro de Borgoña, rende-se á represión colonizadora de don Enrique de Trastámara. Enceta-se así o proceso de castelanización lingüística e cultural de Galiza, castelanización que se realizou *desde as capas altas da poboación* e que por elo impuxo o seu carácter diglósico e conflictivo desde o primeiro momento. Caída Galiza na órbita castelá, a ausencia dunha corte galega conlevou a ausencia dunha prosa administrativa e institucional en galego, e o galego desaparece totalmente da prosa despois do primeiro tercio do s. XVI (Carballo 1979).

Unha nova etapa do proceso diglósico galego consiste na interrelación de dúas *linguas xerais*, castelán e galego, mentras o latín, agora cuantitativa e cualitativamente menos importante que o cas-

telán, pasa a se constituir en *lingua especial*: vehículo de certos modos específicos de comunicación formal (Ferguson 1959: 337), e lingua da Igrexa. Ao mesmo tempo, sectores da nobreza galega, obrigados a relacionar-se en castelán co poder, fan-se por primeira vez bilingües (Chacón 1979: 449):

Usos	Variedades
(Relixión	A'a)
Prosa administrativa	Aa, (A'a)
Usos coloquiais	Ab, Bb

onde

A'a: latín formal
Aa: castelán formal³
Ab: castelán coloquial
Bb: galego coloquial

A desaparición do galego da produción escrita conleva o que ten sido a constante da lingua deica a actualidade: o seu carácter fundamentalmente *oral*, e, por elo, para Wölck (1978: 213s) ou Carballo (1979: 143), a súa 'dialectalización'. Adhiro-me, non obstante, á opinión de Kloss (1967: 46) cando interpreta a *dialectalización* como unha presión —social, lingüística e ideolóxica—, por parte dos estados multilingües, para inducir aos falantes das linguas B a considerá-las variedades ou 'dialectos' da A, o cal é posíbel en casos de grande proximidade estrutural entre A e B⁴. Ambas concepcións da dialectalización converxen en aspectos parciais —oralidade pode supoñer pre-estandarización e/ou nivel B do conflito diglósico— mais non son equiparábeis: a primeira centra-se no modo de produción de mensaxes —orais fronte a escritas—, e a segunda fai-no no factor psicolingüístico da *autoconciencia lingüística* e do *autoconcepto* ('self-concept') ou *autoestima* dos falantes de B. A matización é importante, porque o termo 'dialecto' tivo sempre, nas ideoloxías dominantes, valores negativos a miúdo alleos a calquera consideración lingüística. O desprestixio e a marxinação do galego teñen-se apoiado tamén nunha minguía da autoestima da comunidade de B (a galega), desde o s. XVI deica a máis recente actualidade.

Por outra banda, se nos séculos XVI-XVIII a nobreza autóctona abandonara o uso do galego, entre os séculos XVIII e XIX é cando se produce o maior abandono lingüístico ou *cambio de linguas* ('language shift'), en termos cuantitativos. Mentras que os textos do s. XVIII sinalan que as burguesías locais aínda empregan o galego a nivel coloquial, no s. XIX a asociación galego-clases baixas é xa clara na literatura (Alonso 1973: 64 e 72). Desde entón, o galego fica definitivamente calificado —mesmo por lingüistas e filólogos— como 'dialecto' "antipoético y deficiente", "poco majestuoso", "inservible para la ciencia", "vulgar e impropio para lo serio", etc.

1.4. Do Rexurdimento á actualidade

Co Rexurdimento volta o galego á letra impresa. Aínda que xa antes houbera esporádicas publicacións en galego, estas non respondían a unha inexistente norma escrita, senón que reflectían puntualmente o galego coloquial (Carballo 1979, Alonso 1973). Non se trataba, xa que logo, dunha *variedade literaria*, que reaparece agora por primeira vez despois dos "séculos escuros". De todos xeitos, é impresionante constatar a data do primeiro libro enteiramente editado en galego desde a invención da imprenta, os *Cantares Gallegos* de Rosalía: 1863, con séculos de atrasamento sobre o libro castelán ou catalán.

Aos usos coloquiais do galego engade-se agora o literario, pero só na poesía: o galego vai ser unha lingua "lirica" por excelencia, axeitada, pola súa musicalidade, á produción poética:

Usos	Variedades
(Relixión	A'a)
Administración	Aa
Prosa científica	Aa
Prosa literaria	Aa
Poesía	Aa, Ba
Usos coloquiais	Ab, Bb

Somente nos comezos do século XX, de mans da Xeneración Nós, se incorpora definitivamente o galego á prosa e se configura a seguinte distribución de linguas e usos comunicativos e sociais:

Usos	Variedades
Relixión	Aa, (A'a)
Administración	Aa
Meios de comunicación	Aa
Prosa científica	Aa, Ba
Prosa literaria	Aa, Ba
Poesía	Aa, Ba
Usos coloquiais	Ab, Bb

As vicisitudes da cultura galega nos últimos cen anos ven-se reflectidas nos datos editoriais que aporta Alonso (1973: 205-210). Por exemplo: a) no período analizado 1863-1970, a produción de libros en galego é *decenas* de veces menor da de libros en catalán; b) por mor da guerra civil, de 1936 a 1946 non se publica en Galiza absolutamente ningún libro en galego. E, aínda que a curva da produción literaria en galego nos últimos tempos podería ser esperanzadora (75 libros e revistas en 1970, fronte a 67 en 1969 e 49 en 1968), será-o mentras non a comparemos coa curva da produción de obras en castelán, e, sobre todo, coa curva de penetración da televisión e a prensa españolas no campo galego.

1.5. Conclusión: etapas do proceso diglósico

No seu artigo "Diglosia e historia" (1979), Rafael Chacón revisa a evolución do conflito lingüístico galego desde a óptica de Fishman, coa que non coincide, pero que aporta datos fundamentais en canto á presenza do factor + BILINGÜISMO no caso galego. En base ao exposto anteriormente e aos datos ofrecidos por Chacón, propoño ao cabo as seguintes cinco etapas do proceso diglósico galego, desde o s. V deica a actualidade:

<i>Etapas</i>	<i>Fenómeno</i>	<i>Variedades</i>	<i>Competencia lingüística colectiva</i>
I) S. V-VII	DILÉXIA	Aa: latín formal Ab: latín galego occidental	+ BILECTALISMO
II) S. VIII-XI	DIGLÓSIA DILÉXICA	Aa: latín formal Bb: galego formal	+ BILINGÜISMO
III) S. XII-XIV	DIGLÓSIA	Aa: latín formal Ba: galego-portugués formal Bb: galego-portugués informal	+ BILINGÜISMO
IV) S. XV-XVIII	DIGLÓSIA	Aa: castelán formal Ab: castelán informal Bb: galego informal	1) —BILINGÜISMO— 2) +BILINGÜISMO
V) S. XIX-XX	DIGLÓSIA	A: castelán B: galego	+ BILINGÜISMO

Na etapa IV observan-se, á sua vez, dúas fases no tocante ao coñecemento das linguas en conflito por parte da comunidade: 1) fase de monolingüismo individual xeneralizado; 2) a partir do s. XVI, espallamento social do bilingüismo.

Na mesma etapa, ademais, o conflito establece-se só entre as variedades devanditas, o que equivale a dicir que non existe a variedade formal do galego (*Ba), e que éste está ausente dos niveis formais de comunicación. Porén, a diglósia —máis complexa— da etapa V está protagonizada polas linguas castelá e galega no seu conxunto, e nela, como veremos, non se dá xa unha exacta correspondencia entre *lingua* e *uso social*.

Finalmente, as conclusións deste repaso histórico son claras: ao longo dos séculos, desde as súas mesmas orixes no latín galego occidental, o galego ten sido sempre a lingua ou variedade B da situación diléxica ou diglósica, aínda que o carácter desta varie desde, por exemplo, a diglósia das etapas II e III —non diferente do contacto lingüístico *lingua vernacula-latín* no resto da Románia— até a diglósia actual, que paso a caracterizar.

2. ACTUAL SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALIZA

2.1. Perfil sociolingüístico da España peninsular⁵

Seguindo as caracterizacións e a linguaxe formal proposta por Uribe (1968) na súa revisión das fórmulas de Ferguson, resumo a continuación unha aproximación á actual situación sociolingüística española.

No territorio peninsular de España, na actualidade 13 son as linguas utilizadas, ben como linguas de comunicación xeral ou *linguas xerais* (castelán, catalán, galego, vasco, leonés, aragonés, aranés e portugués), ou como *linguas especiais*, de uso no ensino (*) e/ou na relixión (†): alemán, francés, inglés, grego e latín⁶. Unha caracterización de cada unha delas sería a seguinte:

LÍNGUAS	CÓDIGO
Castelán: S_L^{0+}	Criterios cuantitativos⁷ A: lingua L: lingua principal l: lingua secundaria λ: lingua especial } linguas xerais
Catalán: $(S_L^g)^{0-e}$	
Galego: $(V_l^g)^{0-e}$	
Vasco: $(V_l^g)^{0-e}$	
Leonés: V_l^{g-}	Tipos de linguas S: lingua estandarizada V: lingua vernacula ou pre-estandarizada C: lingua clásica
Aragonés: V_l^{g-}	
Aranés: V_l^{g-}	
Portugués: S_l^{g-}	
Francés: S_λ^s	Usos sociais o: uso oficial g: uso grupal s: na escola r: na relixión e: no exército +: usos xeneralizados -: usos restrinxidos -x: usos xeneralizados agás en x
Inglés: S_λ^s	
Alemán: S_λ^s	
Grego: C_λ^s	
Latín: $(C_\lambda^r)^s$	

Duas poderían ser as fórmulas que reflectisen a situación sociolingüística do territorio español peninsular:

$$\begin{aligned}
 \text{I) } 13A &= S_L^{0+} + [S_L^0 + (2V^0 + 3V + S)_1]^{g-e} + (3S + C + C^r)_\lambda^s \\
 \text{II) } 13A &= S_L^{0+} + [(S_L + 2V_1)^g]^{0-e} + (3V + S)_1^{g-} + (3S + C + C^r)_\lambda^s
 \end{aligned}$$

A fórmula I) destaca o factor cuantitativo, pois reúne a todas as linguas secundarias na expresión $(2V^0 + 3V + S)_L^{0+}$, sen pór atención ás súas funcións sociais nen ao factor 'grau de oficialización'. A fórmula II), que considero máis axeitada, remarca porén este último factor, desde un punto de vista máis político e realista, na composición do sistema diglósico español.

Distinguen-se, así, os catro grupos que compoñen a realidade lingüística española: 1) o castelán (S_L^{0+}), lingua principal, oficial en todo o territorio do estado e lingua A do complexo diglósico; 2) o grupo de linguas ($^{0-e}$), das cales unha (catalán) está estandarizada e é falada por máis do 25% da poboación total, e dúas (galego e vasco) se definen como secundarias e pre-estandarizadas; 3) un grupo de tres linguas vernáculos (leonés, aragonés e aranés) e unha estandarizada (portugués), secundarias e de uso grupal reducido; e 4) un grupo de cinco linguas especiais de uso no ensino, das cales tres son linguas estandarizadas (francés, inglés e alemán) e dúas clásicas (grego e latín); esta última é utilizada, ademais, pola Igrexa e no culto relixioso católico.

Eléxíu-se o factor $-e$ e $+e$ como un rasgo pertinente para a caracterización das linguas da España peninsular porque considero que é precisamente o estamento militar o sector do aparato do estado máis reacio ao uso $-e$ impermeable á penetración— das linguas nacionais, que pola contra xa se introduciron en maior ou menor medida nas administracións locais, medios de comunicación, Igrexa, lexislación, aparato educativo, etc.

2.2. Caracterización sociolingüística da Galiza

En canto ao territorio galego, a súa situación sociolingüística fica expresada na fórmula

$$7A = (S + V^{-e})_L^{0+} + (3S + C + C^r)_\lambda^s; \text{ onde}$$

Castelán: S_L^{0+}

Galego: V_L^{0-e}

Francés: S_λ^s

Inglés: S_λ^s

Alemán: S_λ^s


Grego: C_λ^s

Latín: $(C^r)_\lambda^s$

A primeira paréntese fai mención ao galego e ao castelán: dúas linguas principais (faladas por máis do 25% da poboación), e oficiais; o castelán está estandarizado e usa-se con carácter xeral, mentras


o galego é pre-estandarizado e non se manifesta, polo menos, entre o estamento militar con fins oficiais. En canto ás linguas especiais (segunda paréntese), nen a súa función nen a súa caracterización difiren das que posúen no Estado Español en xeral. Como veremos, o conflito diglósico establece-se entre dúas linguas de moi ampla difusión social.

Poderíamos precisar máis a caracterización recorrendo a subíndices numéricos que expresen percentaxes de falantes. Así, referindo-nos a falantes maiores de 18 anos en Galiza: Castelán: S_L^{0+} ; Galego: V_L^{0-e} (datos de Rojo 1981: 276)⁸. Sen embargo, ¿cómo estarían distribuídas estas percentaxes? É dicir, ¿cál dos dous gráficos seguintes representaría mellor a situación galega?:



Ademais, dentro da ampla percentaxe de bilingües (que iría do 81.4% no caso 1 ao 65.4% no gráfico 2), ¿cómo se distribuirían e expresarían as dominancias A e B (castelán e galego), os índices de bilingüismo 'equilibrado', os usos sociais de ambas linguas, etc.? Uribe (1968) propón, para estes fins, un esquema con dous eixos de coordenadas: *percentaxe de falantes*, e *usos lingüísticos*. E, asimismo, ofrece o *trazo continuo* como solución gráfica para representar a lingua dominante do bilingüe ou L_1 , e o *trazo discontinuo* para representar a L_2 . Así, en base aos datos dunha enquisa de 1974 levada a cabo por Ayestarán e De la Cueva entre amas de casa da provincia de Pontevedra (Rojo 1981: 280 e 302), pode-se elaborar o seguinte esquema:

ÍNDICES DE BILINGÜISMO E MONOLINGÜISMO



(G) Galego
(C) Castelán

NS/NC: Non sabe
Non contesta

Monolingües (20%)	—
en Galego (G)	16
en Castelán (C)	4
Bilingües (76%)	
Galego-dominantes (G-C)	65
Castelán-dominantes (C-G)	11
Non sabe / Non contesta	4
TOTAL	100%

Canto ao uso do galego e á competencia dos falantes nos niveis oral e escrito, diversas enquisas parciais realizadas en diferentes ocasións e lugares da Galiza proporcionan-nos os seguintes datos (Rojo 1981: 282 e 303):

USO DO GALEGO NOS NIVEIS ORAL E ESCRITO

Entenden-o	~100%	da poboación de Galiza
Falan-o	81.4%	"
Escreben-o	6.4%	"
	~25-30%	(segundo a fonte)

Con relación a outras comunidades diglósicas de España, semella que a alta percentaxe de falantes da lingua B (galego, neste caso) se explica comparativamente polo baixo índice de inmigración castelán-falante a Galicia ****. Non obstante, ao analizarmos a actuación lingüística da poboación autóctona, "[el] dominio activo sin dificultades del catalán oral [a lingua B] ... pasa al 95.5% entre los nacidos en Cataluña" (Rojo 1981: 276).

Finalmente, tamén (Rojo 1981: 304) nos ofrece datos encol do uso das linguas galega e castelá nos ámbitos informais "familia", "veciños", "traballo", "rua" e "comercio", e nas situacións formais "escola, Universidade" e "médico". Frente a un 50-60% dos informantes que utilizan basicamente o galego na familia ou cos amigos,

**** As outras percentaxes de falantes da lingua B son: Cataluña, 68.4%; País Valenciano, 60.2%; País Vasco, 19.1% (Rojo 1981: 301).

somente un 14.7% afirma empregá-lo na escola ou na Universidade, e un 14.2% no médico.

Temo-me, porén, que todos estes datos parciais non son nen enteiraamente fiábeis nen aplicábeis ao total da poboación da Galiza, e isto por varias razóns: a) algunhas enquisas centran-se en sectores demasiado específicos da poboación (amas de casa, profesores de E.G.B.), ou cobren só parte do territorio galego; b) descoñecemos o criterio de selección das mostras; c) non se menciona a lingua (galego ou castelán) utilizada para realizar as entrevistas, lingua que, sen dúbida, terá interferido na opinión dos informantes e nos resultados finais.

A pesar de todo, os datos son dabondo indicativos da función social do galego na Galiza, destinado maiormente aos usos informais.

2.3. Língua e status social

É interesante constatar que o uso e o espallamento do galego manteñen unha relación inversamente proporcional ás variábeis *nivel de ingresos, nivel de estudos e tamaño do núcleo de poboación* do falante, e directamente proporcional á súa idade, como indica o cadro seguinte:

PERCENTAXE DE GALEGO-FALANTES SEGUNDO

	O —> 100%		
IDADE	18-35 anos	36-55 anos	56 ou máis anos
—>	65.3	85.7	86.4
INGRESOS	Altos	Meios	Baixos
<—	≤70	≈80	≥85
ESTUDOS	Meios e superiores	Sen estudos primarios	
<—	69.1	89.9	
NÚCLEO DE POBOACIÓN	Máis de 100.000 habit.	De 2.000 a 5.000 habit.	
<—	66.2	83.3	

(Fonte: Rojo 1981: 277, á súa vez reelaboración de datos.)

O cal permite deducir que o galego é unha lingua: a) fundamentalmente *rural*, de núcleos pequenos de poboación; b) das *clases baixas*; c) comparativamente, *sen unha forte cultura escrita*; e d) que sofreu un *notábel descenso de uso nas xeneracións novas*, por acción doutra recente acometida do castelán?

Alonso (1973: 39) situa somente hai 40-50 anos esta grave penetración do castelán. É neste período cando, agudizado o contacto (e conflito) entre aquél e o galego, se espallou a nivel social o bilingüismo B-dominante. Compre supoñer que a percentaxe de bi-

língües galego-dominantes medrou en proporción directa á penetración lingüística e ideolóxica do castelán, mais esta, ao tempo que en moitos casos supuxo arriquecemento e cultura, inevitabelmente trouxo con ela os seus valores centralistas e reaccionarios. Alonso (1973: 30) relaciona así línguas en conflito e valores sociais:

LENGUA A (Castellano)	LENGUA B (Gallego)
Poder	Impoder (sic)
Riqueza	Pobreza
Escuela	Carencia de escuela
Cultura	Incultura
Mass Media	Carencia de mass media
Profesiones	Oficios [manuais]
Dignidad social	Poca estimación social
Ciudad	Aldea

A cita, non obstante, debo facer-lle dúas matizacións: 1) o texto pertence ao ano 1973; afortunadamente, algo cambiou a situación do galego nestes dez anos, sobre todo en canto á súa presenza na escola, medios de comunicación e profesións liberais, e no tocante á súa consideración social; 2) “incultura” tería de ser, máis ben, “cultura do campo” en oposición a “cultura urbana”, ou “cultura oral” fronte a “cultura escrita”.

Ao longo dos séculos, en Galiza *lingua* permanece intimamente vencellada a *clase social*. Aínda despois da penetración do castelán na nobreza (s. XVI) e na burguesía galegas (s. XIX), o galego segue a ser a lingua nativa da poboación labrega. A revolución industrial —feble en Galiza— comportou a proletarianización de sectores campestres suburbanos, e o galego converteu-se tamén na lingua maioritaria do proletariado. Para Francisco Rodríguez (1976), a diglósia galega é só un aspecto da colonización política, económica e social do país, e *liberación lingüística* ten de ir ligada a *liberación nacional e de clase*¹⁰.

Paralela á opresión económica e social, a presión lingüística e cultural do castelán orientou-se sempre á *asimilación* do galego á súa órbita, que é, en definitiva, a meta de todo estado ‘multilingüe’ (Kloss 1967: 42ss). Empregando a terminoloxía de Schermerhorn en canto ás situacións de conflito ou equilibrio entre grupos étnico-culturais “subordinados” e “superordinados”, a forma asimiladora “centrípeto” castelán atoparía-se co rexeitamento “centrífugo” galego e definiría a situación galega como “tendente cara o conflito” (en Paulston 1980: 48)¹¹.

Este conflito diglósico secular ten repercutido —e segue repercutindo— negativamente tanto na autoestima da comunidade falante de B como na propia estrutura da lingua: a) a nivel social, o desprestixio e a estigmatización da lingua teñen producido o que Alonso (1973) califica de *autoxenreira* ou ‘autoódio’, é dicir, o rexei-

tamento da propia comunidade e das raigañas étnico-nacionais; b) a nivel lingüístico, o resultado da presión castelá é un diassistema galego interferido polo castelán, deficiente no desenvolvemento de todo o espectro de variedades dunha lingua normalizada, e, en definitiva, ‘dialectalizado’¹². A isto engade-se o factor da *autoconciencia* lingüística: o feito de que o galego teña sido considerado, xa non como unha lingua inferior, senón como unha *variedade baixa* do castelán pola meirande parte dos seus falantes. Pero unha variedade —e a aclaración é importante— *fortemente alonxada da suposta variedade estándar* (o castelán, identificado con *norma* lingüística e *normalidade* social), e, polo tanto, *doblemente rexeitábel* aos ollos da comunidade.


2.4. Conclusión: cara unha definición da diglósia galega

Na súa revisión de Ferguson, Fishman e Gumperz, Mauro Fernández (1978: 386s) apunta que a característica da diglósia galega non é a presenza do rasgo + *uso condicionado* —definidor das ‘diglósias’ de Ferguson e Fishman—, senón a presenza dunha “norma global” de uso. Para Fishman, a ausencia de normas codificadoras de uso reflexa unha situación *inestábel, conflictiva e non diglósica* de contacto entre variedades lingüísticas. Creo que Fernández tentou de salvar a contradición entre a ausencia do rasgo + *uso condicionado* no caso galego e a súa definición como situación diglósica cun artificio conceptual incorrecto: *uso codificado* non é o mesmo que *norma global*, nen pode sé-lo. Na miña opinión, en todo caso, esta norma —que propicia o uso do galego en contextos informais, familiares, etc., con menos frecuencia nas esferas administrativas, e nunca, por exemplo, no estamento militar con fins oficiais—, pode ser interpretada en dous sentidos: 1) como norma do comportamento social colectivo, que serviría, semioticamente, como *sinál* de pertencencia a determinado grupo social ou ideolóxico; 2) como un *conxunto complexo de normas de uso condicionado* ou pautas de comportamento lingüístico que aínda non se formalizaron, que compre desentrañar, e onde a miúdo a ‘oposición’ galego/castelán se ‘neutraliza’, por empregar conceptos da fonoloxía estrutural.

Rojo (1981: 298) define a diglósia galega como “conflictiva” en oposición a unha diglósia “funcional” onde os usos codificados das variedades alta e baixa estarían perfectamente asumidos pola comunidade —que sería sempre, engado eu, bilingüe ou bilingüe—. Sen embargo, a única situación de contacto de sistemas lingüísticos “estábel” e “non conflictiva” só pode ser a *diléxia*, é dicir, a *coexistencia, nunha comunidade, de dúas variedades altamente diferenciadas da mesma lingua, funcional e/ou socialmente diverxentes*, e onde: a) todos os membros da comunidade son *bilingües* (falantes de a e b), polo que ningunha das dúas variedades pode servir como marca identificadora ou ser utilizada como instrumento de poder

ou desprestíxio; b) ambas variedades *non* representan dúas étnias diferentes, e por elo *non* comportan dous sistemas de valores opostos.

A situación de 'diglosia non conflictiva' ideal sería aquela onde toda unha comunidade *bilingüe* empregase A ou B en función das necesidades comunicativas e sociais. Unha posíbel representación gráfica sería a seguinte:



Mais a distribución codificada dos usos tampouco sería igualitaria: é claro que os usos formais, representados aquí nos niveis superiores do diagrama, estarían maioritariamente en posesión da linguaxe A. E uso formal supón estandarización, presenza nos medios de comunicación e nos aparatos do estado, e, por conseguinte, dominio. Pola súa banda, unha linguaxe B que nunca é utilizada para fins formais non chega a desenvolver os procedementos morfosintácticos e o caudal léxico axeitados para expresar os contidos correspondentes: é dicir, non chega a desenvolver as variedades diafásicas formais que en potencia toda linguaxe pode criar.

A linguaxe ten unha tendencia natural a estender —non a reducir— o espectro dos seus usos comunicativos, e, polo tanto, a criar variedades dentro do diasistema; no caso do galego, esta tendencia non é máis que o seu actual —aínda que lento— proceso de normalización social. É impensábel, pois, unha situación estábel onde unha linguaxe se mantén limitada a uns cantos usos informais —e máis cando esta linguaxe está vencellada a unha conciencia étnico-nacional—, se non é baixo presión lingüística e social.

O conflito diglósico comeza cando entran en contacto social e territorial dúas linguaxes, e, por tanto, dúas culturas con dous paradigmas diverxentes de valores. Non cómpre xa falar de 'diglosia conflictiva' ou 'non conflictiva', tampouco para o caso galego: na Galiza persiste desde a Idade Meia unha situación de diglosia (sempre conflictiva), cun alto índice actual de bilingüismo individual —maioritariamente galego-dominante—, e unha baixa percentaxe de monolingüismo individual —maioritariamente galego-falante—. O castelán é (aínda agora, pero cada vez menos) a linguaxe do poder,

o prestíxio, o diñeiro, a educación e a promoción social (Alonso 1973: 40), e o galego é (sobre todo, pero cada vez menos) a linguaxe dos actos informais de comunicación: familia, amigos, veciños... Sinto que non se dispoña de datos globais sobre o comportamento lingüístico dos galegos en *todos* os ámbitos —e, así, que non resulte doado elaborar esquemas apropiados—, mais unha visión xeral da situación mostra-nos que o galego está encetando o seu proceso de normalización social e de expansión cara os ámbitos formais, que serían, de maior a menor grao de penetración: 1) o aparato educativo; 2) os medios de comunicación; 3) a Igrexa; 4) a administración; 5) o aparato lexislativo; e 6) o aparato militar.

CELISO A. CACCAMO
Universidade de Buffalo

NOTAS

¹ Para este apartado baseei-me fundamentalmente en (ver Bibliografía): Chacón (1979), Ferguson (1959 e 1970), Fernández (1978), Fishman (1967), Rojo (1974, 1981 e 1982), Uribe (1968) e Wöick (1978).

² Baldinger (1972) ofrece unha análise detallada, con énfase no fonético, da formación das linguaxes romances na Península. Inclúe, ademais, bibliografía especializada sobre galego e portugués (pp. 311-325).

Ver tamén Carballo (1976 e 1979) e Alonso (1973).

³ Podemos falar xa dunha variedade formal do castelán, pois foi precisamente Afonso X quen concebiu a unificación lingüística, levada a cabo por el na Escola de Tradutores de Toledo, como un eficaz instrumento de unificación política.

⁴ "Así, o goberno español, tentando de establecer e manter o monopólio do castelán, debe tratar —e de feito o fai— de facer desaparecer completamente a linguaxe vasca, pois non é posíbel que os vascos perdan algunha vez a conciencia de que a súa linguaxe non está emparentada co español. A situación do catalán é dabondo diferente, porque os dous (catalán e español) son linguaxes romances. Existe a posibilidade de que os falantes de catalán podan ser inducidos a considerar a súa linguaxe nai como un *patois*, co castelán como a súa linguaxe estándar natural. De feito, esta actitude cara o catalán atopa-se xa, non na Cataluña mesma, mais na provincia de Valencia e nas Illas Baleares" (Kloss 1967: 46. Traducción mía).

O mesmo é aplicábel ao galego, aínda que o propio Kloss non o considere digno de mención.

⁵ Segue planteando-se o problema de qué ámbito elixir para analizar as situacións sociolingüísticas: ¿as entidades políticas, onde coexisten diferentes nacionalidades e que en ningún caso coinciden coas fronteiras lingüísticas dos idiomas que abranguen?, ¿ou ben as comunidades lingüísticas naturais?

⁶ Segundo Alonso (1973: 18-21), o aragonés —localizado nos Pirineos da provincia de Huesca— estaba xa daquela en perigo de morte ou desaparición.

O portugués, segundo as mesmas fontes, fala-se nalgúns pobos de Extremadura e da provincia de Salamanca raianos con Portugal.

⁷ Parece-me máis útil seguir mantendo os símbolos L, para *lingua principal* (falada polo 25% da poboación ou máis), e l, para *lingua secundaria* (falada por menos do 25%), en lugar de cifras, posto que, en todo caso, as representacións ≥ 25 e < 25 que propón Uribe (1968) non ofrecen tampouco datos reais moito máis precisos.

Por outra banda, ¿por qué utilizar nun caso o signo λ e en outros un coeficiente numérico? Creo máis coerente empregar L, l e λ , sabendo que responden á seguinte caracterización:

LÍNGUAS (A)		faladas polo 25% da poboación ou máis	empregadas só para usos específicos
xerais	principais (L)	+	+
	secundarias (l)	—	—
especiais (λ)		±	—

⁸ Para datos máis completos sobre as condutas e actitudes lingüísticas dalgúns grupos sociais na Galiza, remito en adiante a Rojo (1979 e 1981).

⁹ Rojo (1981 e 1982), baseando-se parcialmente en Alonso (1973), fala dunha recente “doble ruptura del código” de actuación lingüística que relacionaba rigorosamente *clase social* e *lingua utilizada*. Segundo o lingüista, desde hai vinte anos ven-se asistindo na Galiza a un fenómeno de *cambio de linguas* en dúas direccións de signo contrario: 1) por unha banda, a *castellanización* de sectores das clases baixas que por primeira vez educan aos seus fillos en castelán, lingua que até entón lles estaba vedada no ámbito familiar; 2) a *galeguización* ou *re-galeguización* de sectores das clases medias e medias-altas que, ou ben nunca tiveran o galego como lingua nativa, ou ben o abandonaran por presión social.

¹⁰ As súas teses, porén, pecan de esquematismo e simplismo: Rodríguez engana-se ao creer que a soa vontade de mantimento dunha lingua pode contrarrestar a acción destructora do aparato institucional, e solucionar as propias deficiencias estruturais da lingua. O problema non é só cuantitativo (número de falantes lingüisticamente comprometidos), senón cualitativo, centrado na acción lingüística e institucional.

¹¹ R. A. Schermerhorn (1970), *Comparative Ethnic Relations: A Framework for Theory and Research*, New York: Random House, p. 83.

Para maior claridade, incluo, traducido, o cadro de Schermerhorn que Christina Paulston (1980: 48) reproduce:

Orientacións homoxéneas e heteroxéneas en canto ás tendencias centrípetas e centrífugas dos grupos étnicos subordinados e superordinados

	A	B	
Superordinados	Cp	Cf	Tendentes cara a integración
Subordinados	Cp	Cf	
	Asimilación Incorporación	Pluralismo cultural Autonomía	
	C	D	
Superordinados	Cf	Cp	Tendentes cara o conflito
Subordinados	Cp	Cf	
	Segregación forzosa con resistencia	Asimilación forzosa con resistencia	

Cp = tendencias centrípetas.

Cf = tendencias centrífugas.

‘Integración’ é, aquí, sinónimo de ‘equilibrio’.

O esquema que mellor representa a situación galega é o D.

¹² Deixo para outra ocasión o aspecto puramente lingüístico do conflito galego/castelán, mais velaquí algunhas referencias:

Constantino García (1976), “Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano”, *Revista de la Sociedad Española de Lingüística* 6, pp. 327-343. García sinala dúas variedades híbridas galego-castelán, e realiza unha ampla clasificación dos fenómenos de interferencia lingüística entre ambos dialectos, que se dan practicamente en todos os puntos de diverxencia estrutural.

M.^a Camino Noia Campos (1982), “Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá”, *Grial* 75, pp. 91-99; reproduce parcial e inaxetadamente o artigo anterior, e engade unha lamentábel recolleita de datos lingüísticos en áreas da periferia de Vigo, máis algunhas abstrusas e extemporáneas mencións a conceptos psicolingüísticos.

Juan José Moralejo Álvarez (1977), *A lingua galega hoxe*, Vigo: Galaxia. Texto divulgativo e heteroxéneo, que denuncia diversos tipos de interferencias e falsas creacións lingüísticas no galego de hoxe. Tamén, do mesmo autor (1982), *A lingua galega e os seus problemas*, Vigo: Galaxia.

Na mesma dirección, Xosé M.^a Álvarez Caccamo (1979), *Galego Cero*, Vigo: Castrelos; “vocabulario do mal galego” que clasifica, desde unha perspectiva normativa, as agramaticalidades e interferencias no galego falado e escrito actual.

Ver tamén Alonso (1966).

BIBLIOGRAFIA

- ALONSO MONTERO, X. (1966). “Ensaio de Bilingüística: galego e castelán fronte a fronte”, *Grial* 13, pp. 314-336.
- ALONSO MONTERO, X. (1973). *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- BALDINGER, K. (1972). *Formación de los dominios lingüísticos en la Península Ibérica*. Madrid: Gredos. 2.^a ed.
- CARBALLO CALERO, R. (1976). *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- CARBALLO CALERO, R. (1979). “Sobre a nosa lingua”, *Grial* 64, pp. 140-152.
- CHACÓN ALVAR, R. (1979). “Diglosia e historia”, *Grial* 66, pp. 442-452.
- FERGUSON, Charles A. (1959). “Diglossia”, *Word* 15, pp. 325-340.
- FERGUSON, Charles A. (1970). “The Role of Arabic in Ethiopia: A Sociolinguistic Perspective”, en J. Alatis (ed.), *Bilingualism and Language Contact*. Washington: Georgetown University Press, pp. 355-370.
- FERNÁNDEZ, Mauro (1978). “Bilingüismo y diglosia”, *Verba* 5, pp. 377-391.
- FISHMAN, Joshua A. (1967). “Bilingualism with and without Diglossia; Diglossia with and without Bilingualism”, *Journal of Social Issues* 23.2, pp. 29-38.
- KLOSS, Heinz (1967). “Bilingualism and Nationalism”, *Journal of Social Issues* 23.2, pp. 39-47.
- PAULSTON, C. (1980). *Bilingual Education. Theories and Issues*. Rowley: Newbury House Publishers.
- RODRÍGUEZ, Francisco (1976). *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Pontevedra: Xistral.
- ROJO, Guillermo (1974). “ALONSO MONTERO, Xesús: *Informe —dramático— sobre la lengua gallega reseña*”, *Verba* 1, pp. 243-249.

- ROJO, G. (1979). *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia*. Santiago de Compostela: ICE-Universidad de Santiago de Compostela.
- ROJO, G. (1981). "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *Revista de la Sociedad Española de Lingüística* 11.2, pp. 269-310.
- ROJO, G. (1982). "La situación lingüística gallega", *Revista de Occidente* 10-11, pp. 93-110.
- URIBE VILLEGAS, O. (1968). "Instrumentos para la presentación de las situaciones sociolingüísticas", *Revista Mexicana de Sociología* 30, pp. 863-884.
- WÖLCK, W. (1978). "Towards a Classificatory Matrix for Linguistic Varieties, or: the Dialect / Language Problem Revisited", en Michel Paradis (ed.), *Aspects of Bilingualism*. Columbia: Hornbeam Press, pp. 211-218.

